

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2025/26.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no punto 2 da súa disposición derradeira quinta sobre o calendario de implantación, establece que as modificacións introducidas nas condicións de acceso ás diferentes ensinanzas reguladas nesa lei orgánica implantaranse ao comezo do curso seguinte da entrada en vigor desta lei. Así mesmo, no seu punto corenta e oito modifícase o artigo 64 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no referente á organización e aos requisitos de acceso ás ensinanzas deportivas.

O Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, modificado polo Real decreto 628/2022, do 26 de xullo, polo que se modifican varios reais decretos para a aplicación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ás ensinanzas artísticas e ás ensinanzas deportivas, e a adecuación de determinados aspectos da ordenación xeral das devanditas ensinanzas, no seu artigo 30.1 establece que as probas de carácter específico para o acceso aos ciclos de ensinanzas deportivas serán organizadas e controladas polas administracións educativas. Igualmente, nas súas disposicións transitorias segunda e terceira preceptúa a vixencia temporal das ensinanzas establecidas ao abeiro do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, polo que se configuran como ensinanzas de réxime especial as conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos, se aproban as directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas, e das normas de desenvolvemento previstas nel.

A Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia regula, no seu capítulo V, o acceso ás ensinanzas deportivas.

A Orde do 24 de marzo de 2003 pola que se regulan as probas de madurez e de carácter específico para o acceso ás ensinanzas deportivas.

CVE-DOG: xovk4dt8-vtb5-bq61-g8j4-i6l4gxrbkx59



O capítulo II da Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos cales se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, establece os requisitos de acceso xerais, específicos e para deportistas de alto nivel, alto rendemento e persoas con discapacidade.

O Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño, establece os prezos públicos que serán de aplicación para as ensinanzas deportivas.

Por todo o exposto, a Dirección Xeral de Formación Profesional, en virtude das atribucións que lle son conferidas polo Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, resolve convocar as probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2025/26 que se rexerán polas seguintes instrucións:

Primeira. Condicións das persoas aspirantes

1. Terá acceso ao grao medio das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Para o acceso ao ciclo inicial ou primeiro nivel de grao medio, dispoñer do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente para os efectos académicos, e superar unha proba de carácter específico, acreditar méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva ou as tres condicións de forma conxunta.

b) Para o acceso ao ciclo final ou segundo nivel de grao medio, ter superado os estudos do ciclo inicial ou primeiro nivel na correspondente modalidade ou especialidade deportiva, e poderase requirir a superación dunha proba de carácter específico ou acreditar un mérito deportivo.

c) O alumnado que non dispoña do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente para os efectos académicos, deberá ter 17 anos e superar unha proba que substitúe o requisito de titulación que se establece no anexo I desta resolución, ademais de cumprir os outros requisitos de carácter xeral e específicos. A idade mínima establecida deberase cumprir dentro do ano natural da realización das probas.



d) As persoas que, estando matriculadas no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, estean pendentes do procedemento de revisión no centro, ou de resolución do departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, respecto de reclamación das cualificacións do curso 2024/25, deberán presentar, igualmente, a solicitude de inscrición no prazo establecido na instrución quinta da presente resolución, e poderán realizar a proba de acceso de carácter específico de grao medio. Unha vez resolta favorablemente a reclamación e obtido o título de graduado de educación secundaria obrigatoria, estas persoas poderán ser avaliadas da proba de carácter específico realizada.

e) A superación da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio dará tamén acceso ás actividades de formación deportiva de nivel I a que se refire a Orde ECD/158/2014, cos requisitos regulados nela.

f) A proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio poderase substituír pola superación dalgunha das seguintes probas:

1º. Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional.

2º. Parte común da proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

3º. Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos formativos de grao medio de artes plásticas e deseño.

4º. Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño.

5º. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

6º. Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores.

2. Terá acceso ao grao superior das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Dispoñer do título de técnico deportivo na correspondente modalidade ou especialidade deportiva; poderase requirir, ademais, a superación dunha proba de carácter específico, acreditar méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva ou as tres condicións de



forma conxunta que se poidan establecer na especialidade ou modalidade correspondente, e ter, cando menos, algún dos seguintes títulos, ou outro declarado equivalente para os efectos académicos:

1º. Bacharelato.

2º. Título de técnico superior.

3º. Título universitario.

b) O alumnado que non posúa o título de bacharelato, ou outro declarado equivalente para os efectos académicos, ou algún dos títulos establecidos no parágrafo anterior, deberá ter 19 anos, estar en posesión do título de técnico deportivo na correspondente modalidade ou especialidade deportiva, e superar unha proba que substitúe o requisito de titulación que se establece no anexo II desta resolución. A idade mínima establecida debe-rase cumprir dentro do ano natural da realización da proba.

c) A superación da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior dará tamén acceso ás actividades de formación deportiva de nivel III ás cales se refire a Orde ECD/158/2014, cos requisitos regulados nela.

d) A proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior pode-rase substituír pola superación dalgunha das seguintes probas:

1º. Parte común da proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

2º. Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño.

3º. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

4º. Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores.

Segunda. *Acceso para aspirantes con discapacidade*

1. De acordo co establecido na disposición adicional terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, as persoas aspirantes ao acceso e á admisión ás ensinanzas deportivas



que presenten algunha discapacidade poderán requirir a adaptación que corresponda para a realización das probas de acceso ás devanditas ensinanzas.

2. Para tal efecto, as persoas aspirantes con algunha discapacidade farano constar no epígrafe correspondente na solicitude de inscrición e deberán presentar, xunto coa súa inscrición no procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas deportivas, a documentación que acredite oficialmente a súa discapacidade e unha solicitude de adaptación dos medios e das condicións de realización da proba de acceso na modalidade deportiva que corresponda cunha antelación de 10 días á data da celebración das probas, segundo o establecido no artigo 27.2 da Orde do 22 de xullo de 2021.

3. Co obxecto de garantir a eficacia da formación e o posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ao título, o tribunal avaliará o grao de discapacidade e as limitacións que comporte para poder cursar con aproveitamento as ensinanzas e, de ser o caso, adaptará os requisitos e as probas de acceso que deban superar as persoas aspirantes que, en todo caso, deberán respectar o esencial dos obxectivos xerais establecidos para o ciclo de ensinanza da modalidade ou especialidade deportiva correspondente.

4. O tribunal poderá solicitar o asesoramento de persoas especialistas para elaborar un informe que lle permita ao tribunal valorar se o grao de discapacidade e as limitacións que leva aparelladas posibilita cursar con aproveitamento e seguridade as ensinanzas, e conseguir as competencias correspondentes ao ciclo de que se trate e exercer a súa profesión.

5. Cando nas observacións das listaxes provisional e definitiva de persoas inscritas aparecen as siglas PAC significa «proba adaptada concedida».

Terceira. *Validez das probas*

1. De conformidade co artigo 32 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, a superación da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio e ao grao superior terá validez en todo o territorio nacional.

2. A certificación de superación da proba de acceso de carácter específico terá validez en todo o territorio nacional. A duración da validez está definida no real decreto que establece o título e as ensinanzas mínimas da correspondente modalidade e/ou especialidade deportiva.

CVE-DOG: xovk4dt8-vtb5-bq61-g8j4-i6l4gxrbkx59



Cuarta. *Tribunal*

1. O tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas de técnico deportivo de grao medio será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

2. Así mesmo, o tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas de técnico deportivo de grao superior será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

3. Os tribunais encargados das probas específicas constituiranse de acordo co descrito nos respectivos reais decretos polos que se establece o título e as ensinanzas mínimas das modalidades ou especialidades correspondentes.

4. As funcións dos tribunais das probas de acceso de carácter específico serán as definidas no artigo 29 da Orde do 22 de xullo de 2021.

Quinta. *Lugar, prazo e forma de presentación das solicitudes*

1. A solicitude de inscrición, tal como indica o artigo 27.1 da Orde do 22 de xullo de 2021, presentarase na secretaría dalgún dos centros públicos docentes vinculados a cada modalidade deportiva, segundo consta na relación do anexo III. Os centros onde se realizarán as probas específicas constan no anexo IV.

Nas modalidades deportivas de fútbol e atletismo a solicitude presentarse necesariamente na secretaría do centro elixido para realizar a proba específica. Excepcionalmente, a solicitude poderá presentarse no IES Río Cabe e no IES As Barxas, indicando en cal dos centros do anexo IV o alumnado solicita realizar a proba.

O resumo do calendario das probas de acceso aos ciclos de grado medio e superior especifícanse no anexo V.

2. O prazo de inscrición na proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio e/ou na proba específica de grao medio será o comprendido entre o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e o día 25 de xuño de 2025, ambos incluídos.



3. O prazo de inscrición na proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior será o comprendido entre o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e o día 16 de maio de 2025, ambos incluídos.

4. Para tal fin, os centros docentes deberán expoñer nos seus taboleiros de anuncios o seguinte:

a) Normativa reguladora do procedemento de inscrición nas probas de acceso ás ensinanzas deportivas.

b) Calendario de publicación da listaxe provisional e definitiva de solicitudes admitidas e excluídas, os motivos de exclusión, así como dos prazos para presentar reclamacións.

c) Calendario e procedemento para formalizar a matrícula.

5. Os centros docentes facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo de solicitude de inscrición para a realización das probas.

6. Á solicitude de inscrición achegarase a documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

a) Copia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.

b) Orixinal da solicitude de inscrición conforme o modelo facilitado polo centro docente.

c) Xustificante do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño, salvo en caso de estar exento/a do pagamento.

d) En caso de bonificación ou exención no pagamento do prezo público, documento que o acredite.

CVE-DOG: xovk4dt8-vtb5-bq61-g8j4-i6l4gxrbkx59



e) Certificación académica en que conste o expediente académico e/ou depósito dalgún dos seguintes títulos:

1º. Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou título de bacharelato (ou títulos declarados equivalentes para os efectos académicos), ou certificación académica en que figure que se realizou o depósito do correspondente título.

2º. Título de técnico superior.

3º. Título universitario.

f) Certificado de estudos do ciclo formativo en que figuren as cualificacións das materias cursadas e en que figure que se realizou o depósito do correspondente título.

g) Certificado de superación da proba que substitúe o requisito de titulación, para o acceso ao ciclo medio ou superior das ensinanzas deportivas.

h) Certificado de superación da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos formativos de grao medio ou superior de artes plásticas e deseño.

i) Certificado de superación da proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou superior (parte común) de formación profesional.

j) Certificado de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

k) Certificado de superación da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores.

l) Resolución do órgano competente en materia de deporte pola que se acredita a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.

m) Certificado de méritos deportivos expedido pola federación española ou autonómica correspondente.

n) Para titulacións obtidas no estranxeiro, achegarase a declaración responsable para a inscrición condicionada, tal como se establece na Orde do 9 de xullo de 2018 reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias.

CVE-DOG: xovk4dt8-vtb5-bq61-g8j4-i6l4gxrbkx59



ñ) Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade.

7. As persoas solicitantes da exención da realización da proba que substitúe o requisito de titulación por superar totalmente as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos poderán quedar total ou parcialmente exentas de realizar esta proba, segundo o establecido no punto décimo da Orde do 24 de marzo de 2003 pola que se regulan as probas de madurez e de carácter específico para o acceso ás ensinanzas deportivas, polo que deberán achegar o certificado correspondente onde conste a opción efectuada e a puntuación conseguida. A resolución sobre a exención correspóndelle ao tribunal avaliador.

8. As persoas solicitantes que deban realizar a proba que substitúe o requisito de titulación farano constar na epígrafe correspondente na solicitude de inscrición. No caso de non superar a dita proba, non serán admitidas na proba de carácter específico.

Sexta. Exención da realización da proba específica de acceso

1. As persoas solicitantes que aleguen mérito deportivo, substitutivo da realización da proba específica, no caso da modalidade de baloncesto, así como aquelas persoas que soliciten a exención da realización da proba específica noutras modalidades, farano constar na epígrafe correspondente da solicitude de inscrición e presentarán, xunto con esa solicitude, os documentos acreditativos establecidos nela da correspondente modalidade ou especialidade deportiva, tendo en conta os requisitos e período de validez da devandita condición establecidos na normativa en vigor. A valoración dos méritos e resolución sobre a substitución da proba específica ou exención correspóndelle ao tribunal avaliador. As condicións para solicitar a exención nas distintas modalidades deportivas pódense consultar na seguinte ligazón do portal educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/36604>

2. Ademais, poderán ser obxecto de exención da realización da proba específica de acceso, en cada unha das modalidades de ensinanza deportiva implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia, aquelas persoas que acrediten, con carácter xeral, a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva correspondente; quen acredite a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade correspondente, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa, así como quen acredite algunha das condicións definidas no real decreto que establece o correspondente título, tendo en conta os requisitos e o período de validez da devandita condición establecidos na normativa en vigor. Pódense consultar as ditas condicións na ligazón do punto anterior.

CVE-DOG: xovk4dt8-vtb5-bq61-g8j4-i6l4gxrbkx59



3. O procedemento de solicitude de exención require a inscrición correspondente nas probas de carácter específico obxecto desta convocatoria, así como o pagamento dos prezos públicos correspondentes de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño. Xunto coa solicitude de exención da realización da proba de carácter específico deberase achegar a documentación acreditativa que corresponda, e será o tribunal avaliador nomeado para cualificar a dita proba quen valore esa documentación e determine a exención da proba á persoa solicitante.

4. Na modalidade de baloncesto, aquelas persoas que acrediten o mérito deportivo, substitutivo da realización da proba específica, definido de acordo co real decreto que establece o título na correspondente modalidade deportiva, non terán que realizar o pagamento dos prezos públicos correspondentes.

Sétima. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, e nas referencias recollidas en www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e nos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>



Oitava. Publicación das listaxes de inscrición

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes, o día 16 de maio de 2025 para as persoas aspirantes que se presenten á proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior, ou o 25 de xuño de 2025 para o resto das persoas aspirantes, os centros onde se realice a inscrición enviarán ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, a través do correo electrónico sereap@edu.xunta.gal, a relación de persoas inscritas para realizar as probas de acceso, na cal deberá constar expresamente o cumprimento na presentación da documentación necesaria, así como as persoas que alegan mérito deportivo, e as que solicitan exención das probas ou adaptación destas por ter algunha discapacidade.

2. As solicitudes que aleguen mérito deportivo, soliciten exención ou adaptación de probas, xunto coa documentación achegada, serán obxecto de valoración por parte do tribunal avaliador; para tal efecto, as ditas solicitudes serán enviadas polos centros ao/á presidente/a do tribunal da proba correspondente o día seguinte ao da finalización do prazo de inscrición en formato pdf.

3. A relación provisional de persoas admitidas e excluídas na proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso a grao superior será exposta o día 20 de maio de 2025, mentres que a relación provisional de persoas admitidas e excluídas na proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio e nas probas específicas será exposta o 26 de xuño de 2025 nos taboleiros de anuncios dos centros onde se realizou a inscrición, así como no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, <http://www.edu.xunta.gal>, indicando expresamente as persoas con méritos deportivos, as declaradas exentas de realizar a proba específica na modalidade correspondente, as persoas con probas adaptadas (coas siglas PAC), así como as persoas excluídas nestas probas e os motivos da súa exclusión.

4. Poderanse presentar alegacións ás listaxes provisionais a través das secretarías dos centros nos cales se presentou a solicitude os días 21 e 23 de maio de 2025 para as persoas aspirantes ás probas de requisito de titulación para o acceso ao grao superior, e os días 27 e 30 de xuño para o resto de persoas aspirantes. Unha vez resoltas as ditas alegacións, os centros enviarán ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, a través do enderezo electrónico sereap@edu.xunta.gal, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.



As alegacións á relación provisional de persoas inscritas admitidas e excluídas entenderanse resoltas e notificadas coa publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

5. A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas na proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior será exposta o día 26 de maio de 2025, mentres que a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas na proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio e nas probas específicas será exposta o 2 de xullo de 2025 nos taboleiros de anuncios do interior dos centros onde se realizou a inscrición, así como no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, <http://www.edu.xunta.gal>

Novena. Probas que substitúen o requisito de titulación

1. A proba para as persoas aspirantes que non cumpran co requisito de titulación para o acceso ao grao medio terá lugar o día 3 de xullo de 2025 no IES San Clemente (rúa de San Clemente, s/n, Santiago de Compostela, A Coruña), segundo o establecido no anexo I desta resolución.

2. A proba para as persoas aspirantes que non cumpran co requisito de titulación para o acceso ao grao superior terá lugar o día 27 de maio de 2025 no IES San Clemente (rúa de San Clemente, s/n, Santiago de Compostela, A Coruña), segundo o establecido no anexo II desta resolución.

3. Calquera posible variación sobre este calendario requirirá a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional, por ser o centro directivo habilitado para coordinar estas probas e os seus criterios de avaliación.

Décima. Probas específicas de acceso

1. As probas de acceso de grao medio de carácter específico, para cada unha das modalidades deportivas, terán lugar:

a) Na modalidade de fútbol sala, no CIFP A Farixa (rúa das Laxas, s/n, Ourense), o día 15 de xullo, ás 10.00 horas.

b) Na modalidade de fútbol, no CIFP Universidade Laboral (rúa Salvador Allende, s/n, Culleredo), o día 16 de xullo, ás 10.00 horas, e no IES Sánchez Cantón Campo Fútbol Manolo Barreiro 1 (antigo campo da Xunqueira) rúa Celso Emilio Ferreiro, 888 (Pontevedra),



o día 17 de xullo, ás 9.30 horas. As persoas aspirantes só poderán realizar as probas no centro en que formalizaron a inscrición.

c) Na modalidade de balonmán, no IES Sánchez Cantón pavillón multiúsos da Xunqueira (rúa Celso Emilio Ferreiro, 1ª travesía, Pontevedra), o día 17 de xullo, ás 12.00 horas.

d) Na modalidade de baloncesto, no CIFP Fontecarmoa (rúa Fontecarmoa, 93, Vilagarcía de Arousa), o día 17 de xullo, ás 10.00 horas.

e) Na modalidade de vela, nas instalacións do Centro Galego de Vela (rampla Cavadelo, s/n, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra), o día 17 de xullo, ás 11.30 horas; poden variar a data e/ou a hora do exame no caso de non darse as condicións meteorolóxicas establecidas no anexo VIII do Decreto 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

f) Na modalidade de atletismo, no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (avenida Ramón Ferreiro, 2, Lugo), o día 18 de xullo, ás 10.00 horas.

2. Calquera posible variación sobre este calendario requirirá a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional por ser o centro directivo habilitado para coordinar estas probas e os seus criterios de avaliación.

3. O anexo V especifica o calendario completo das probas de acceso aos ciclos de grao medio e superior.

4. Non se convocan probas de acceso de grao superior de carácter específico para ningunha modalidade deportiva.

Décimo primeira. *Reclamacións e recursos ás probas específicas de acceso*

1. Contra as cualificacións provisionais das probas de acceso poderase presentar reclamación motivada ante o/a presidente/a do tribunal durante os dous días hábiles seguintes ao da súa publicación, que resolverá o que proceda.

2. Contra as resolucións das reclamacións emitidas polo/a presidente/a do tribunal, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, ante o departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional correspondente segundo o ámbito provincial en que se ditou a resolución im-



pugnada, no prazo máximo dun mes desde a súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A resolución deste recurso poñerá fin á vía administrativa.

Décimo segunda. *Certificación da superación das probas*

1. Unha vez publicada a listaxe definitiva de persoas aspirantes que superaron a proba que substitúe o requisito de titulación, de grao medio ou superior, a Dirección Xeral de Formación Profesional remitirá os correspondentes certificados de ter superada a proba aos centros educativos onde se realizou a inscrición.

2. Unha vez publicada a listaxe definitiva de persoas aspirantes que superaron a proba de carácter específico de acceso a cada unha das ensinanzas deportivas, o/a presidente/a do tribunal emitirá os correspondentes certificados de superación da devandita proba, que poderán ser recollidos nas secretarías dos centros onde as persoas aspirantes realizaron a proba.

Décimo terceira. *Admisión e matrícula*

1. No relativo aos criterios de admisión nos centros sostidos con fondos públicos, cando o número de persoas aspirantes supere o número de prazas ofertadas, aplicárase o disposto polo Real decreto 1363/2007, no seu artigo 34, modificado polo Real decreto 628/2022, do 26 de xullo, polo que se modifican varios reais decretos para a aplicación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ás ensinanzas artísticas e as ensinanzas deportivas, e a adecuación de determinados aspectos da ordenación xeral das devanditas ensinanzas, así como o disposto no artigo 34 da Orde de 22 de xullo de 2021. As persoas interesadas deberán achegar a documentación necesaria para resolver o devandito proceso de admisión.

2. A posta en marcha de cada ciclo ou nivel nunha modalidade deportiva, con carácter xeral, estará condicionada á existencia dun número mínimo de dez alumnos/as para cada un deles, no prazo ordinario da presentación de solicitudes, non se cuantificará, para estes efectos, o alumnado repetidor. Un número menor de solicitudes require a autorización previa e expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional para poñer en funcionamento esta ensinanza, e mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar ningunha matrícula. A condición do número mínimo de alumnado débese comunicar ás persoas interesadas no momento da súa inscrición nas probas de acceso.



3. Para a modalidade de vela ofertada no CIFP Fontecarmoa, o número de prazas para cursar o ciclo inicial de grao medio de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre será de 12.

4. O prazo de matrícula das persoas aspirantes que superen o citado proceso de admisión a cada unha das ensinanzas deportivas abarcará desde a data da publicación das cualificacións definitivas ata o 31 de xullo de 2025.

5. Para a presentación das solicitudes de matrícula, os centros públicos facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo para o efecto. Unha vez cuberto, entregárase unha única solicitude na secretaría do centro en que se vaian a cursar as ensinanzas e achegarase á documentación xa presentada. As persoas interesadas deberán achegar a documentación que non fose presentada coa solicitude de inscrición nas probas de acceso, ou outra que lles sexa requirida, así como aboar os prezos públicos correspondentes en concepto de matrícula.

Disposición adicional primeira. *Arquivamento e destrución das probas*

A Dirección Xeral de Formación Profesional será a encargada do arquivamento dos exames durante un mínimo de tres meses tras a súa finalización. Transcorrido este período, poderá procederse á destrución das probas das que non se formule reclamación. No caso dos exames obxecto da reclamación, a documentación conservarase durante un período de cinco anos.

Disposición adicional segunda. *Efectos económicos do tribunal e das comisións de realización de probas*

Para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, o tribunal e as comisións de realización de probas consideraranse incluídos na categoría terceira.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2025

María Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional

CVE-DOG: xovk4dt8-vtb5-bq61-g8j4-i6l4gxrbkx59



ANEXO I**Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio**

1. As persoas aspirantes realizarán un total de tres exames que deberán seleccionar obrigatoriamente na solicitude de inscrición. Estes exames realizaranse no IES San Clemente (rúa San Clemente, s/n, Santiago de Compostela); o día 3 de xullo de 2025, de acordo co seguinte horario:

- 9.15 horas: presentación.
- Das 9.30 ás 10.30 horas: área sociocultural.
- Das 10.30 ás 11.30 horas: Lingua Galega.
- Das 11.30 ás 12.30 horas: área científico-tecnolóxica.
- Das 12.30 ás 13.30 horas: Lingua Castelá.

2. Características da proba.

A proba que substitúe o requisito de titulación constará dos seguintes exames:

a) Cuestións tipo test que se formulen referidas a contidos socioculturais (Xeografía e Historia).

b) Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre Lingua Galega. O primeiro exercicio será tipo test e o segundo consistirá na produción dun texto escrito.

c) Cuestións tipo test que se formulen referidas a contidos científico-tecnolóxicos (Matemáticas, Ciencias da Natureza e Tecnoloxía).

d) Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre Lingua Castelá. O primeiro exercicio será tipo test e o segundo consistirá na produción dun texto escrito.



3. Contido das probas.

Tomaranse como referencia os vixentes currículos oficiais da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Valoraranse os coñecementos, o grao de madurez e as habilidades suficientes para cursar con aproveitamento os novos estudos en relación con estas áreas propias do currículo da educación secundaria obrigatoria.

4. Tribunal da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio.

O tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de grao medio para o acceso ás ensinanzas deportivas será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

ANEXO II**Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior**

1. As persoas aspirantes deberán realizarán un total de tres exames que deberán seleccionar obrigatoriamente na solicitude de inscrición. Estes exames realizaranse no IES San Clemente (rúa de San Clemente, s/n, Santiago de Compostela); o día 27 de maio de 2025, de acordo co seguinte horario:

- 9.30 horas: presentación.
- Das 10.00 ás 11.00 horas: Filosofía.
- Das 11.00 ás 12.00 horas: Historia de España.
- Das 12.15 ás 13.15 horas: Lingua Galega e Literatura.
- Das 13.15 ás 14.15 horas: Lingua Estranxeira (inglés ou francés).
- Das 16.00 ás 17.00 horas: Lingua Castelá e Literatura.



2. Características da proba.

Os exames de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira (inglés ou francés) e Lingua Galega e Literatura constarán cada un deles de dous exercicios. O primeiro exercicio será tipo test e o segundo consistirá na produción dun texto escrito.

Os exames de Filosofía e Historia de España constarán cada un deles de dous exercicios. O primeiro exercicio será tipo test e o segundo consistirá na elaboración dunha redacción a partir dun texto proposto.

3. Contido das probas.

Tomaranse como referencia os vixentes currículos oficiais de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Valoraranse os coñecementos e o grao de madurez en relación aos obxectivos do bacharelato, así como a correcta comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

4. Tribunal da proba que substitúe o requisito de titulación de grao superior.

O tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de grao superior para o acceso ás ensinanzas deportivas será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

ANEXO III

Centros onde se poderá facer a inscrición para a realización das probas de carácter específico

Modalidade	Centros
Fútbol	CIFP Universidade Laboral (Culleredo) IES Sánchez Cantón (Pontevedra) IES Río Cabe (Monforte de Lemos)
Fútbol sala	CIFP A Farixa (Ourense)
Baloncesto	CIFP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa)
Balonmán	IES Sánchez Cantón (Pontevedra)
Atletismo	IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo) IES As Barxas (Moaña)
Vela	CIFP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa)



ANEXO IV

Centros e lugares onde realizarán as probas de carácter específico

Modalidade	Centros
Fútbol	CIFP Universidade Laboral (Culleredo) IES Sánchez Cantón, Campo Fútbol Manolo Barreiro 1 (antigo campo da Xunqueira) rúa Celso Emilio Ferreiro, 888 (Pontevedra)
Fútbol sala	CIFP A Farixa (Ourense)
Baloncesto	CIFP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa)
Balonmán	IES Sánchez Cantón, no pavillón multiúsos da Xunqueira, rúa Celso Emilio Ferreiro, 1ª Travesía, Pontevedra)
Atletismo	IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo)
Vela	CIFP Fontecarmoa, instalacións do Centro Galego de Vela (rampla Cavadelo, s/n, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra)

ANEXO V

Ensinanzas deportivas

Parte do procedemento	Data
1. Fase de inscrición	
– Prazo de inscrición: alumnado que solicita proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior	Desde o día seguinte ao da publicación no DOG ata o 16 de maio
Publicación listaxe provisional persoas admitidas e excluídas tras o prazo de inscrición	20 de maio
Período de reclamación contra a listaxe provisional tras o prazo de inscrición	Desde o 21 ata o 23 de maio
Publicación de listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas tras o prazo de inscrición	26 de maio
– Prazo de inscrición: alumnado que solicita proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio	Desde o día seguinte ao da publicación no DOG ata o 25 de xuño
Publicación listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas tras o prazo de inscrición	26 de xuño
Período de reclamación contra a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas do prazo de inscrición	27 e 30 de xuño
Publicación de listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas tras o prazo de inscrición	2 de xullo
2. Fase de probas	
Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior	27 de maio
Publicación listaxe provisional de cualificacións da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior	30 de maio



Parte do procedemento	Data
Período de reclamación contra a listaxe provisional de cualificacións da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior	2 e 3 de xuño
Publicación da listaxe definitiva de cualificacións da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao superior	6 de xuño
Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio	3 de xullo
Publicación listaxe provisional de cualificacións da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio	4 de xullo
Período de reclamación contra a listaxe provisional de cualificacións da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio	7 e 8 de xullo
Publicación da listaxe definitiva de cualificacións da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao medio	10 de xullo
Realización da proba específica	
Fútbol sala (CIFP A Farixa-Ourense)	15 de xullo
Fútbol (CIFP Universidade laboral- Culleredo e IES Sánchez Cantón-Pontevedra)	16 e 17 de xullo
Baloncesto (CIFP Fontecarmoa-Vilagarcía)	17 de xullo
Balónmán (IES Sánchez Cantón-Pontevedra)	17 de xullo
Vela (CIFP Fontecarmoa-Vilagarcía)	17 de xullo
Atletismo (IES Ollos Grandes-Lugo)	18 de xullo
Publicación da listaxe provisional de cualificacións da proba específica	22 de xullo
Período de reclamación contra a listaxe de cualificacións da proba específica	23 e 24 de xullo
Publicación da listaxe definitiva de cualificacións da proba específica	28 de xullo
3. Fase de adxudicación e matrícula	
Período de formalización de matrícula para o curso 2025/26	29, 30 e 31 de xullo

